

Dicotomías, cánones e o queer ante a literatura galega

Mario Regueira¹

Recibido: 13 de setembro de 2025 / Aceptado: 16 de outubro de 2025

Resumo. As cuestións que se tratan neste artigo abordan o papel, traxectoria e desafíos dos estudos queer en relación á cultura e literatura galegas, entendidas como parte dunha realidade periférica nun proceso de emerxencia. A análise aborda aspectos metodolóxicos xerais que formaron parte do desenvolvemento da idea de canon desde os estudos queer e contrastáos con algunhas das estratexias e casos específicos na historia da literatura galega, prestando atención ás problemáticas de encaixe que presentan algúns dos seus postulados clásicos. Ao mesmo tempo, o artigo valora o papel da documentación e do rastro biográfico das voces autorais, barallando o papel de compensación entre unha idealizada obxectividade que inhibe a crítica estrutural, e o papel xusto da subxectividade na investigación. Nese sentido tamén dá espazo ás perspectivas que se abren na hermenéutica dos textos e o posíbel papel da interpretación, a sospeita e o coñecemento informal.

Palabras chave: teoría queer; literatura galega; historia da literatura; canon literario.

[es] Dicotomías, cánones y el queer ante la literatura gallega

Resumen. Las cuestiones tratadas en este artículo abordan el papel, la trayectoria y los desafíos de los estudios queer en relación con la cultura y la literatura gallegas, entendidas como parte de una realidad periférica en proceso de emergencia. El análisis aborda aspectos metodológicos generales que han formado parte del desarrollo de la idea de canon desde los estudios queer y los contrasta con algunas de las estrategias y casos específicos en la historia de la literatura gallega, prestando especial atención a las problemáticas de encaje que presentan algunos de sus postulados clásicos. Al mismo tiempo, el artículo valora el papel de la documentación y del rastro biográfico de las voces autorales, considerando la función compensatoria entre una idealizada objetividad que inhibe la crítica estructural y el papel legítimo de la subjetividad en la investigación. En este sentido, también concede espacio a las perspectivas que se abren en la hermenéutica de los textos y al posible papel de la interpretación, la sospecha y el conocimiento informal.

Palabras clave: teoría queer; literatura galega; historia da literatura; canon literario.

[en] Dichotomies, Canons, and Queer Perspectives in Galician Literature

Abstract. The issues discussed in this article address the role, trajectory, and challenges of queer studies in relation to Galician culture and literature, understood as part of a peripheral reality undergoing a process of emergence. The analysis examines general methodological aspects that have shaped the development of the idea of the canon within queer studies and contrasts them with certain strategies and specific cases in the history of Galician literature, paying particular attention to the difficulties of articulation posed by some of its classical assumptions. At the same time, the article assesses the role of documentation and the biographical trace of authorial voices, considering the compensatory function between an idealized objectivity that inhibits structural critique and the legitimate role of subjectivity in research. In this regard, it also gives room to the perspectives opened by textual hermeneutics and to the potential role of interpretation, suspicion, and informal knowledge.

Keywords: Queer Theory; Galician Literature; History Of Literature; Literary Canon.

Sumario. 1. Introducción e contexto. 2. Os límites da historia literaria. 3. Historizar o oculto. 4. Os textos. 5. Conclusións. 6. Referencias bibliográficas.

Como citar: Regueira, Mario (2025): "Dicotomías, cánones e o queer ante a literatura galega", en *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 28, e108904, DOI: <https://dx.doi.org/10.5209/madr.108904>.

¹Universidade de Santiago de Compostela. Filoloxías Galega e Portuguesa.
Correo-e: mario.iban.regueira.fernandez@usc.gal. ORCID: <https://orcid.org/0000-0001-8948-4248>.

1. Introducción e contexto

Debemos comezar enunciando a precariedade e a actitude de cuestión aberta da que parten estas reflexións, orixinadas, na súa primeira versión, para ser comentadas na concreción do Workshop: *Saberes en alianza: desafíos nos estudos literarios de xénero e das sexualidades*, organizado polas profesoras Ánxela Lema París e Carme Fernández Pérez-Sanjulián, que se desenvolveu na Facultade de Filoloxía da Universidade da Coruña o 29 de maio de 2025. Da mesma maneira que foi comentado nesa ocasión, trátase de puntos de partida máis de que de chegada ou, en todo caso, metas provisórias. Elementos que forman parte dunha reflexión máis ampla en permanente construción e que enuncian unha acusada condición interrogante. A súa consolidación, de chegar, dependerá, sen dúbida, de traxectorias individuais, pero tamén de proxectos colectivos de negociación e enriquecemento multilateral.

Ningunha destas cuestións, podería pensarse, é allea á propia práctica académica que, cando menos nalgunha das súas representacións ideais, se asenta en principios similares: traballo en permanente consolidación, consciencia da relativa precariedade das conclusións, autocrítica e cuestionamento da persoa investigadora, así como a partilla aberta e solidaria a través do debate con outras colegas. Porén, se é preciso afirmala débese a dúas cuestións: a primeira, a propia calidade mencionada do idealizados que resultan estes trazos. É evidente que non sempre corresponden estes principios ás prácticas máis frecuentes que nos ten ofertado a perspectiva crítica. Particularmente, poderíamos engadir sen vontade de desviar a cuestión que nos ocupa, en tempos de precariedade económica e constitución, ou sucesión, de determinadas estruturas de poder académico.

En segundo lugar, porque resulta evidente que certas esferas de investigación deben afrontar directamente a sospeita permanente da súa vinculación con diferentes variedades de activismo. Unha cuestión que, en rigor, supera a simple problemática dun marco ideolóxico concreto con diferentes posicionamentos

e que chega a constituír un tema que afecta a desenvolvementos internos e posibilidades de evolución. Chega con lembrar, por exemplo, a encrucillada que a emerxencia dos estudos feministas enfrontaron e que aparece aludida de maneira clarificadora en varios momentos do panorama trazado por Toril Moi (1995). A resposta refractaria que tratou de desautorizar os incipientes estudos feministas pola vía da ridiculización e da desautorización académica, non impediu ás críticas posteriores notaren as limitacións dalgunhas destas primeiras achegas², en ocasións sinalando tamén a súa marcada heteronomía respecto dun campo de produción ideolóxica que estaba a ser constituído simultaneamente e coa participación desas mesmas figuras.

Ben é certo que tal equilibrio entre o *desideratum* político e o traballo de investigación non é algo que afecte unicamente a aqueles ámbitos vinculados ás reivindicacións sociais. Abrindo a perspectiva, resulta viábel afirmar que toda investigación está ligada a elementos ideolóxicos, moitas veces de forma sutil ou non tanto, aínda que si negada amplamente polos seus participantes. O mantemento do *status quo*, o reforzo dos marcos de investigación, a orientación privilexiada de certos ámbitos ou a procura de beneficios económicos que sosteñan o encaixe do coñecemento científico no modelo capitalista forman parte, entre outras posibilidades, de moitas destas conexións. A propia constitución de ámbitos de estudo nos que encaixar unha variedade diversa, pero moitas veces claramente delimitada, de propostas metodolóxicas acostuma anular tamén algunhas das posibilidades da autocrítica. A construción dun sentido común³ propio a cada ámbito formula en ocasións límites intocábeis que poden chegar a presentar impedimentos contundentes para a incorporación de novos métodos de estudo.

Nun sentido que afecta particularmente ao literario, chega con lembrar o convulso papel que o concepto de literatura nacional cumpre até o día de hoxe dentro do noso ámbito, as dificultades da súa superación e procura de alternativas e o papel de paralelismo simbólico

² Aínda sen ser o único exemplo é interesante, nese sentido, a perspectiva dada sobre o traballo de Kate Millett, como capaz de atopar o punto intermedio entre a crítica institucional e a non institucional (Moi 1995: 24), pero no que non deixa de sinalar moitas das eivas académicas, simplificacións e lecturas erróneas que impiden a súa completa produtividade no ámbito da crítica académica (*Ibid.*: 24-31).

³ É interesante recuperar o concepto de “sentido común instaurado”, de ecos bourdieanos (Bourdieu. 1980: 97) e empregado tamén frecuentemente por Antón Figueroa 2010.

coa propia nación, tan relevante para os Estados nación, pero tamén para os proxectos que procuran impugnalos ou formular comunidades alternativas. Tal e como veremos, a cuestión toca tamén, nos nosos tempos, a de cales colectivos dentro da diversidade social estarían idealmente dentro ou fóra desa comunidade idealizada⁴. Ou, expresado doutra maneira, que é o que cabe e o que non dentro dunha idea nacional e, por extensión, na súa realidade literaria.

Así, un dos elementos máis importantes que guía estas reflexións é a vontade de atopar un camiño que supere moitas destas inercias e permita a constitución de propostas e prácticas de traballo que, cando menos, poidan ofrecer puntos diferentes de equilibrio. Desta maneira, partimos da crítica a un contido ideolóxico presentado falazmente como natural ou preexistente, pero tamén consideramos parte do traballo das novas investigacións manter a autonomía necesaria cos postulados dun activismo co que, en moitos sentidos, podemos concordar, pero que tamén pode chegar a comprometer a perspectiva analítica.

O desafío do enfoque queer, particularmente no sentido da análise histórica da que falamos nesta proposta, combina desta maneira a necesidade de demoler un escenario estruturalmente adverso, capaz de negar mesmo a súa propia posibilidade de existencia, coa de evitar a desfiguración do seu obxectivo epistemolóxico⁵. Da mesma forma, podemos tomar da reflexión aplicada á socioloxía de Bourdieu e Wacquant a particular relevancia que toma a prevención ante o nesgo intelectualista, capaz de colocar a realidade analizada como unha simple paisaxe que, nunha perspectiva inxenua, aspira a poder ser retratada case de forma

fotográfica (2005: 119-120). Trátase dunha idea que lida con riscos evidentes e que corre paralela á cuestión de atopar un punto que salve os elementos aínda posíbeis nunha idea transformada de obxectividade, como meta desexábel, pero tamén coa imposíbel abstracción da propia subxectividade como elemento presente. Trátase dunha procura de estratexias de investigación combinadas que caracteriza de maneira fundamental a perspectiva bourdieana e que aparece na base de conceptos tan relevantes como o de *habitus*⁶. Este novo equilibrio, en calquera caso, non é algo fácil de conseguir, xa que tamén prevé contra o exceso do subxectivismo, ao tempo que sinala indirectamente que a entidade investigadora constitúe un elemento interligado co obxecto de estudo, do que nunca será unha espectadora imparcial.

2. Os límites da historia literaria

En moito sentidos, as cuestións que rodean a constitución e posibilidades das historias literarias beben aínda das propostas erguidas, principalmente durante os anos 60 do pasado século, polas teorías dos Estudos Culturais. Un dos méritos desta corrente, alén das súas efectivas ramificacións xeográficas e ideolóxicas, foi sen dúbida o de conseguir establecer unha corrente común de impugnación xeral co que se foron relacionando diferentes tendencias e sensibilidades⁷. Se ben é certo que moitas destas perspectivas, como a propia teoría queer, estableceron unha complexidade e unha personalidade propia que diluíu a súa relación con esta corrente, o certo é que moitos dos puntos de partida que continuamos a barallar proceden de parte desa crítica, en particular no que respecta á cuestión concreta da historia.

⁴ Nun sentido similar á comunidade imaxinada que vinculada a un contexto sociolóxico e histórico concreto da que fala Benedict Anderson (2006).

⁵ Entre moitas outras, podemos facer nosa a afirmación de Daniela Ferrández ao respecto dun tratamento na investigación histórica que manteña unha base de precisión académica sen romper por iso a súa vinculación co colectivo ao que está asociado: “É preciso polo tanto traballar a Historia desde o rigor conceptual, mais atendendo á importante necesidade de memoria que existe entre os diferentes colectivos que hoxe conforman o paraugas LGBT” (Ferrández 2022).

⁶ “En principio, quería explicar las formas más modestas de la práctica —los rituales, las elecciones matrimoniales, la conducta económica mundana de la vida cotidiana, etc.—, escapando tanto al objetivismo de la acción entendida como una reacción mecánica “sin agente” como al subjetivismo que retrata la acción como prosecución deliberada de una intención consciente, el libre proyecto de una conciencia postulando sus propios fines y maximizando sus utilidades a través de un cálculo racional” (Bourdieu e Wacquant 2005: 180).

⁷ “Cultural studies is magnetic. It accretes various tendencies that are splintering the human sciences: Marxism, feminism, queer theory, and the postcolonial. The “cultural” has become a “master-trope” in the humanities, blending and blurring textual analysis of popular culture with social theory, and focusing on the margins of power rather than reproducing established lines of force and authority” (Miller 2001: 1).

Os Estudos Culturais apelan, por tanto, á ampliación do concepto de cultura, introducindo elementos analíticos como o de subcultura⁸, que incorporan prácticas e manifestacións que rozan moitas veces os conceptos de marxinalidade. En moitos sentidos, isto é unha primeira crítica a unha perspectiva analítica tradicional vinculada de maneira intensa á palabra escrita e os seus mecanismos de funcionamento. A ampliación do campo de estudo incorporando, non só os elementos sociolóxicos, senón aqueles marcados por unha tradición de minusvaloración cultural, supón unha crítica contundente e inicia un debate chamado a marcar o momento entre os dous séculos.

É probable, porén, que máis aló destas reflexións que constitúen unha das partes máis radicais de innovación, a influencia dos Estudos Culturais achegue unha noción nova que, entrelazada cos seus propios desenvolvementos teóricos, vai resultar fundamental como punto de toque para ámbitos como os estudos feministas, a perspectiva poscolonial ou a teoría queer. Referímonos ao cuestionamento aberto á forma de construción do coñecemento e da autoridade, algo que, para o ámbito concreto da historia literaria, toca de maneira central o concepto de canon literario. Aínda que con matices e variacións evidentes, os estudos literarios viñan centrándose no modelo do canon literario nacional⁹, formado arredor da idea do estado nación, polo xeral filoloxicamente coherente e construído ao redor de ideas de excelencia que inhibían toda cuestión social e toda posibilidade de aparición das marxés. Poderíamos apuntar tamén como este elemento, pola súa propia difusión, vinculada intensamente á expansión do coñecemento respaldada polo poder estatal, funcionaba ademais como un mecanismo de disciplinamento. O canon non rescata unicamente as obras e autorías chamadas a persistir e ser escollidas como representativas, senón que enuncia en moitos sentidos os límites que aquilo que aspire a figurar nel ten que respectar¹⁰. Por outra parte, a idea dun canon de obras e autorías aparecía

frecuentemente naturalizado, é dicir, podía ser obxecto de debates sobre o seu contido, pero aceptábase a súa natureza de mecanismo preexistente e alleo, no seu funcionamento, a calquera influencia ideolóxica, invisibilizando tamén moitos dos seus debates inherentes. A idea do canon literario tivo, nos últimos setenta e cinco anos, defensas pechadas e intensas, que moitas veces argumentaron que a súa crítica e impugnación non eran máis que o síntoma dunha crise moito máis ampla, de tipo cultural ou mesmo humanística. Isto explica o feito de que a obra máis coñecida dun autor como Harold Bloom (1994) fose precisamente a dedicada a defender, nos finais do século XX, a validez dun canon que mesmo se formalizaba nunha lista específica de obras. Aínda que se recoñecese que a validez absoluta desta proposta era relativa, non se cuestionaba a existencia do instrumento canónico como capaz de identificar valores estéticos inmanentes, separados de toda cuestión mundana.

A proposta iniciada polos Estudos Culturais transforma profundamente o escenario preexistente, cuestionando e problematizando a construción dos valores que sustentan o concepto. Pensar en como se decide a idea de excelencia estética e como esta respondeu en liñas xerais ao gusto e os intereses representacionais das clases dominantes, buscar o espazo das marxés e das categorías infrarrepresentadas ou cuestionar por que na totalidade deses cánones nacionais destaca, contra toda posibilidade estatística, o modelo do creador varón, branco e heterosexual. Tamén aparece implícita a cuestión daquilo que habita un espazo máis central, particularmente no respecto das relacións entre centro e periferia, que con frecuencia abarcan tamén a preeminencia dunha cultura lingüística e creativa diferente á das súas marxés. No aspecto concreto dos estudos queer, é interesante pensar na dupla dimensión que abarca a súa relación co canon: as dificultades de representación das persoas abertamente disidentes por un lado, pero tamén a dos

⁸ Concepto introducido e desenvolvido a a partir da obra emblemática de Dick Hebdige 1991.

⁹ Aínda que da súa propia existencia, así como a de propostas como a do primeiro comparatismo, xurdise a idea lóxica dun canon transnacional. Como actor neste debate en defensa da súa validez, Harold Bloom definiu de maneira concisa esta posibilidade en *The Western Canon* (1994: 2, 40).

¹⁰ Nun aspecto concreto, poderíamos analizar a presenza dos temas de disidencia sexual e o seu tratamento nas obras de recoñecidos disidentes. No caso galego, por exemplo, no tratamento da homosexualidade en Blanco Amor, a medio camiño entre o xogo de descubrimento infantil e a criminalidade social, posibelmente conectado coa propia auto-explicación persoal, pero tamén coa consciencia do discurso aceptábel no seu contexto social.

temas e enfoques que as obras realizan como reflexo desa mesma disidencia.

Alén destas características xerais, se cadra nada apunta tanto á conexión do canon como ferramenta metodolóxica coa idea nacional como a loita das culturas periféricas pola construción necesaria da súa propia instancia como elemento a opoñer fronte ao canon da metrópole. Desta maneira, o canon, como capaz de abarcar tamén unha dimensión histórica, puido encarnar unha parte do que Said (1994: 216) definiu como un dos grandes temas da resistencia: erguer unha dinámica histórica que funcione de forma distinta á da metrópole. No caso da cultura galega, a constitución dun canon foi un elemento que, mesmo sen ser aludido, tivo un aspecto central na configuración da idea nacional. Elementos claves como o criterio filolóxico estiveron vinculados á centralidade da lingua como elemento identitario da nación en emerxencia. Da mesma maneira, é un canon que nace trazando liñas á propia realidade periférica da que se sabe parte, e que non vacila en colocar no seu centro unha figura feminina como Rosalía de Castro, ademais de privilexiar ocasionalmente elementos conectados coa literatura oral e a expresión popular, alén dos discursos que defenden as clases traballadoras, particularmente o campesiñado. A este escenario xeral podemos sumar o protagonismo que na súa configuración na segunda metade do século XX tivo o escenario “resiliente” da posguerra e unha figura directamente represaliada pola súa

participación na Guerra Civil como Carvalho Calero (Regueira 2016: 349-351, 2020a). Porén, a construción dese contra-canon periférico, baseado nunha empresa que abordou a configuración de diversas ferramentas que lle desen a autoridade necesaria para exercer como tal¹¹, non está exenta das súas propias cuestións e negociacións. Podemos citar, neste contexto concreto de posguerra, a tentativa de delimitar un ámbito temático esencial e refractario á influencia exterior (Regueira 2016: 385-386, 2020a)¹². Mesmo con esta consciencia, temos que recoñecer que esa e outras posibilidades encarnan unha parte visíbel dos conflitos, aínda que sexa, moitas veces, a través do acceso ao discurso privado dos seus actores¹³.

Para isto, e mesmo tendo en conta as diferenzas marcantes do ámbito cultural e a, xa notábel, distancia temporal, continúan a ser relevantes algunhas das ideas sobre o canon colocadas por Eve Kosofsky Sedgwick (1990: 48-59)¹⁴. En particular a alusión á posibilidade de que o canon estivese sendo substituído por unha alternativa de micro-canons, non tanto pola factibilidade dunha nova proposta estrutural que tome esta nova distribución, senón máis ben polo ton explosivo e de relación interaccional entre o canon principal e as propostas alternativas que non deixan de entendelo, en moitos sentidos, como unha forma de dominio, evidenciando que representa unha posición política máis (Sedwick 1990: 50). Pero estas reflexións tamén son interesantes ao

¹¹ Principalmente a construción dunha Historia da Literatura Galega academicamente rigorosa e que constrúa a perspectiva dunha identidade galega diferenciada, algo que centra os esforzos de Carvalho Calero, por máis que haxa outros actores implicados en proxectos similares. Non se pode pasar por alto, porén que a construción do canon emprega tamén outra serie de elementos teóricos (como a crítica de actualidade, a produción de paratextos, ou as antoloxías, sen esquecer a produción de teorías marco de tipo identitario), nos que tamén participa o propio autor de Ferrol xunto a diferentes figuras vinculadas ao grupo de Galaxia (entre as que podemos destacar a de Francisco Fernández del Riego, máis notábel polas súas escolmas que polas historias literarias que asinou na súa longa produción bibliográfica. Tamén a importancia de Ramón Piñeiro como ideólogo).

¹² Unha actitude que o círculo de Galaxia, liderado por Ramón Piñeiro, exerce sobre todo na década dos cincuenta e que posteriormente vai moderar. A idea de que só sería literatura galega aquela que fale de temas galegos e sexa un espello dos valores esenciais presentes no pobo, que condena, non só a literatura das novas autorías (González Mourullo, Méndez Ferrín...) senón tamén a posibilidade de propostas como a que Eduardo Blanco Amor estaba realizando no exilio.

¹³ Nesta liña, a alusión á miña propia investigación (Regueira 2016, 2020a) toca de cheo esta problemática. Nin os textos públicos nin o acceso á comunicación privada dos actores en cuestión abordan todas as dimensións dos conflitos que aparecen explicitamente, por máis que poidamos acceder a unha parte dos enfrontamentos que aparecen en comunicacións privadas. Así, a correspondencia deixa reflectido o escepticismo de Galaxia ante a posibilidade de publicación d’*A Esmorga* (Alonso Nogueira 2009: 28), ou as acusacións a Luís Seoane por adoptar posturas consideradas politicamente extremas polo galeguismo do interior (Regueira 2016: 500-501). Cabe sinalar tamén en ambos casos a problemática do exilio e a súa complexidade discursiva, que Arturo Casas (2011: 323) sinalou nos seus “seis grandes itinerarios discursivos”.

¹⁴ Reférimonos ao apartado titulado significativamente “The relation of gay studies to debates on the literary canon is, and had best be, tortuous”.

respecto das preguntas que deben facerse as investigadoras con perspectiva queer sobre o propio pasado herdado dentro desa corrente. Trátase dunha opción investigadora que apela á propia configuración dunha historia literaria queer, non unicamente na percepción crítica do que o canon deixou fóra, senón tamén na vontade de identificar as dimensións de disidencia sexual que son susceptíbeis de aparecer. Ao mesmo tempo, a obra de Sedwick alerta de maneira aberta contra o perigo da constitución dunha identidade gay-lésbica forte no contexto occidental como forma de canalizar (e, de paso, fechar nunha nova periferia, poderíamos acrecentar), esas diverxencias formuladas sobre o canon principal. A limitación binaria na lectura da realidade, construíndo perspectivas que sexan, ben homosexuais, ben heterosexuais, e coartando a posibilidade dunha visión máis diversa, profusa e fluída dunha realidade que resiste, por simplistas, a maior parte destas categorizacións¹⁵.

As relacións entre ese canon erguido historicamente e as realidades da diverxencia e disidencia sexual forman parte das preguntas máis interesantes que os estudos queer poden formular e, de forma agardada, tamén das que son máis incómodas dentro do mundo académico convencional. En especial, porque moitas delas xa foron respondidas, ben sexa a través do “non preguntes” ou do “non deberíamos sabelo”¹⁶ que a ortodoxia académica ten empregado de maneira ininterrompida na últimas décadas¹⁷. Paga a pena lembrar integramente a listaxe de razóns que, segundo a autora, poden empregarse para lexitimar esta resposta:

1. Passionate language of same-sex attraction was extremely common during whatever period is under discussion - and therefore must have been completely meaningless. Or
2. Same-sex genital relations may have been perfectly common during the period under discussion - but since there was no language about

them, they must have been completely meaningless. Or

3. Attitudes about homosexuality were intolerant back then, unlike now -so people probably didn't do anything. Or

4. Prohibitions against homosexuality didn't exist back then, unlike now-so if people did anything, it was completely meaningless. Or

5. The word “homosexuality” wasn't coined until 1869 -so everyone before then was heterosexual. (Of course, heterosexuality has always existed.) Or

6. The author under discussion is certified or rumored to have had an attachment to someone of the other sex - so their feelings about people of their own sex must have been complete]y meaningless. Or (under a perhaps somewhat different rule of admissible evidence)

7. There is not actual proof of homosexuality, such as sperm taken from the body of another man or a nude photograph with another woman-so the author may be assumed to have been ardently and exclusively heterosexual. Or (as a last resort)

8. The author or the author's important attachments may very well have been homosexual-but it would be provincial to let so insignificant a fact make any difference at all to our understanding of any serious project of life, writing, or thought.

These responses reflect, as we have already seen, some real questions of sexual definition and historicity. But they only reflect them and don't reflect them: the family resemblance among this group of extremely common responses comes from their closeness to the core grammar of Don't ask; You shouldn't know. It didn't happen; it doesn't make any difference; it didn't mean anything; it doesn't have interpretive consequences. Stop asking just here; stop asking just now; we know in advance the kind of difference that could be made by the invocation of this difference; it makes no difference; it doesn't mean. (Sedwick 1990: 52-53)

¹⁵ Neste sentido, cabe destacar a posibilidade rupturista do modelo non monosexual e non monógamo do que, se podemos sospeitar que pode continuar mantendo ángulos de sombra, serve como impugnación marco á distribución categorial da realidade sexo-afectiva transmitida pola cultura heteropatriarcal do século XX. A propia consideración da experiencia como elemento incapaz de determinar unha esencia individual constantemente en flutuación e capaz de escapar a moitas desas identidades no seu sentido forte ou convencional, forma parte tamén dos elementos máis produtivos desta perspectiva.

¹⁶ “What's now in place, in contrast, in most scholarship and most curricula is an even briefer response to questions like these: Don't ask. Or, less laconically: You shouldn't know”. (Sedwick 1990: 62).

¹⁷ Evidentemente, paralelo ao uso do aberto do negacionismo ante a simple posibilidade de vincular determinadas figuras cunha sexualidade non normativa.

A listaxe de evasións enunciada por Sedwick déixanos, malia os máis de trinta anos transcorridos desde a súa formulación, unha perspectiva familiar a moitos dos estudos contemporáneos, pero é máis interesante, se cabe, a maneira na que evidencia como a lectura heteronormativa dos procesos literarios emprega moitas das presuposicións ou imaxinacións que frecuentemente son colocadas como crítica aos estudos queer. Unha rede de suposicións, sospeitas e probas meramente indiciarias que serven para soste unha categoría que racha ao ser contestada desde novas formulacións sociais. Resulta especialmente relevante neste sentido o punto quinto, que nos recorda que, se a homosexualidade como categoría é algo relativamente recente, non o é como invención solitaria, senón na articulación da dicotomía que a coloca en contraste coa heterossexualidade. Se non se pode falar da homosexualidade no pasado, tampouco podería falarse do seu correlato. Porén, tal e como afirmabamos previamente tomando as palabras de Daniela Ferrández (2022), a falta de categorías conceptuais non impide que as colectividades presentes non se sintan apeladas e identificadas con determinadas prácticas do pasado como elementos relevantes da súa historia. Algo similar, poderíamos pensar, afecta á heterossexualidade, pois só desa maneira sería entendíbel a resistencia a cuestionala como trazo base na humanidade e cuxa “ausencia” como categoría esencial e biográficamente coherente debe ser demostrada de maneira contundente. A defensa dunha historia literaria pechada a estas cuestións conecta, en moitos sentidos, cunha base de conservadorismo social, pero alén das posturas abertamente agresivas cara á diversidade, tamén incide, en moitos sentidos, unha simple inercia estrutural, unha defensa dos eidos académicos delimitados e as dificultades para inserir novos elementos de análise que poidan afectalos.

Neste panorama cabe preguntarnos en que medida forma parte o canon literario galego

deste esquema presentado por Sedwick. Podemos aceptar, por unha parte, que a súa constitución é un exercicio contra-canónico, que non é separábel da existencia doutro canon que lida coa negación da nación galega e coa minusvaloración da súa cultura como elemento periférico dos procesos post-imperiais españois¹⁸. A súa participación nesa explosión dunha construción canónica maior estaría marcada polo feito de que, no mellor dos casos, a literatura en lingua galega comprendía unha nota ao pé na época medieval e outra durante o romantismo. Non é posíbel negar, por tanto, que ese primeiro canon manifestaría certa indiferenza (no mellor dos casos) a todas as subxectividadeas e colectividadeas susceptíbeis de caer fóra dese disciplinamento vinculado a unha identidade histórica trazada en clave unívoca. Desta maneira pasa a ser moi relevante a situación concreta que se dá cando algúns deses elementos ocupan situacións de marxinação aínda máis extrema que a do punto de partida, ou reúnen varias marcas de disidencia fronte á proposta central.

Podemos alegar como a construción do canon da literatura galega librou algunhas das súas batallas máis importantes durante a posguerra, en ocasións con actores que defenderon procesos de configuración que eran paralelos á construción dunha proposta que virtualmente excluía o seu traballo literario. A escolla estratéxica do criterio filolóxico, espello dun conflito social e, mesmo poderíamos dicir, que dunha política sublimada, inexercíbel baixo a ditadura (Regueira 2016: 352-355, 2020a) conta coa defensa, por exemplo, dos autores novos¹⁹ que están sufrindo exclusións editoriais por facer unha literatura que non é o suficientemente galega para o programa étnico dos primeiros anos da editorial Galaxia (Regueira 2016: 399, 2020a). En efecto, aínda que falamos dun proceso que foi sometido ás súas propias negociacións e aperturas, é notábel que a primeira proposta do galeguismo organizado ao redor da Editorial Galaxia durante

¹⁸ Cabe apuntar que o canon defendido desde ámbitos anglófonos mantén tamén unha relación de tensión co que procede do ámbito hispánico ou latino. Con todo, non podería representar a relación de dominio, sometido a ocasionais negociacións e recoñecementos simbólicos, a mesma perspectiva que a cultura española mantén coas culturas periféricas do Estado. Como curiosidade, resulta interesante ver o tratamento que o propio Bloom dá, na súa proposta canónica específica, ao ámbito ibérico europeo, co recoñecemento de tres culturas literarias (España, Portugal e Cataluña) e a virtual desaparición das outras literaturas do espazo xeográfico. Algo que sen dúbida está relacionado tamén coa construción dunha proposta baseada nas traducións e edicións accesíbeis desde os mercados anglófonos (Bloom 1994: 549-550).

¹⁹ Concretamente, e de maneira explícita e constatábel, de Gonzalo Rodríguez Mourullo e Xosé Luís Méndez Ferrín.

a posguerra apelaba a unha serie de ideas onde afloraba un repertorio étnico concreto, no que se localizaban trazos esenciais, e onde o modelo ruralista implicaba unha primeira referencia popular que contrastaba enormemente coas propostas que falaban de técnica e de cidades, en moitos sentidos aínda percibidas como elementos alleos á verdadeira identidade galega.

Porén, este tipo de cuestións continuaron xirando ao redor da construción colectiva do que debe ser a literatura galega durante os seguintes setenta anos, un tempo longo no que os procesos políticos e as cotas de autonomía política e recoñecemento do estatus legal da lingua galega, continuaron a exercer a súa propia influencia. Na primeira década do século presente podemos atopar os problemas editoriais que a novela *A perspectiva desde a porta* de Patricia Janeiro experimenta desde que fora considerada finalista do Premio Xerais no 2007 e nos que asomaban as reflexións que a obra facía da lexitimidade da causa independentista e do recurso á loita armada. Unha cuestión tratada por Lorena López López (2019: 81-90)²⁰ e que pode poñerse en relación abertamente coa visión dunha perspectiva tutelada, inseparable dos procesos do que poderíamos chamar a “cultura da normalización” aplicada ao campo literario galego (*Ibid.*: 104). A configuración da literatura galega como un elemento de consenso post-franquista e cunha vertente abertamente dirixida ao ensino e a formación de persoas novas²¹ e que deba responder a un modelo determinado, capaz de valorar o pasado e a identidade, pero sen tocar a maioría dos seus elementos disruptivos.

Esa actitude ambivalente cara á disrupción, tocou moitos máis temas: a recepción da grande enxurrada de creadoras femininas que, con certa intensidade desde os anos 90, chegaron con propostas diverxentes, moitas

delas tocando directamente a óptica non-heterosexual ou aludindo a elementos próximos a abxección dentro do seu universo²². A complexidade de celebrar un autor vinculado á marxinalidade como Lois Pereiro durante as Letras Galegas de 2011, ou mesmo a perspectiva de introducir xéneros populares ou experimentais nun modelo literario que deba procurar esa “normalidade” prescritiva que podemos localizar na propia nomenclatura da lexislación. Non menos relevante é como esta lectura do que resultaba normal excluíu de facto as propostas ortográficas que, como a reintegracionista, mantiveron unha irredutibilidade que as excluíu do ámbito do aceptábel²³ e, por tanto fóra, se non da historia literaria galega, si da súa representación canónica.

Como se relaciona ese contra-canon literario galego coa posibilidade do desenvolvemento dos estudos queer? En moitos sentidos podemos apelar a esa constitución de cánones independentes e sectoriais á que aludía Sedwick, tomando como referencia a súa concepción dinámica da relación co canon principal. Non podemos pasar por alto que a realidade canónica é algo en permanente construción e negociación e que, a aparición e reforzamento das distintas sensibilidades sociais, fixeron desta relación dinámica algo que tamén afecta ás diferentes identidades en xogo. O encaixe dos estudos queer dentro da literatura galega vai máis aló da constatación como capítulo á parte do tronco xeral, ou como sección colorida dun esquema máis amplo e, por tanto, coa marca invisíbel da “universalidade” que dan todas as presuposicións heterocéntricas realizadas sobre o seu desenvolvemento. Da mesma maneira que non tería sentido que os estudos queer galegos pasasen por alto as loitas entre periferia e centro e a propia historia de marxinação e discriminación social que,

²⁰ A cuestión foi posta tamén en relación aos marcos da normalidade en estudos que aludían á cuestión queer. (Regueira 2008, 2020b).

²¹ A grande conquista legal da lingua galega despois da ditadura, formalizada na Lei de Normalización Lingüística 3/1983 e que facía posíbel, por primeira vez na historia, o seu emprego no ensino público regrado alén da educación infantil inicial.

²² Como simples exemplos disto podemos aludir á María Xosé Queizán de *Metáfora da metáfora* (1991) ou *Despertar das amantes* (1993), polo seu carácter, unha vez máis, pioneiro, ou á animadversión que a poesía de Lupe Gómez produciu coas súas primeiras obras (Alonso 2007).

²³ Nese sentido, é evidente cal era o modelo de normalidade. Hai linguas que contan con varias propostas de representación en convivencia, aínda que o modelo ortográfico da lingua castelá dentro do Estado español sempre se caracterizou por ser intensamente prescritivo e de ambición absolutista. Como tal, tamén foi empregado con frecuencia como forma de categorización social, non só en relación ás outras linguas do Estado, senón tamén contra as súas propias variantes.

malia todo, continúa erguendo a literatura galega como longa construción colectiva, sería absurdo que puidese negarse a aplicación dunha óptica que cuestiona abertamente moitas das verdades residuais que, como vimos, teñen ademais escasos argumentos para seren defendidas.

Neste sentido, e antes de falar das problemáticas específicas que esta idea arrastra, creo que é interesante localizar a forma na que a creación dunha identidade gay-lésbica no sentido forte foi, cando menos indirectamente, colocada xa como elemento de encaixe dentro desta perspectiva. Autoras como María Xosé Queizán, radicalmente relevantes tanto na constitución dos estudos feministas galegos como na aplicación dos seus principios ao ámbito da produción creativa, apostaron, nalgún momento, polo que parece unha proposta que, consciente ou inconscientemente apuntaba neste sentido. Podemos falar de como obras como *A semellanza* (1988), cuxa importancia pioneira na abordaxe do tema da transexualidade non pode ser cuestionada, da mesma maneira que si merecería unha relectura en clave poscolonial e no tratamento da pluma e dos procesos de auto-feminización por parte da protagonista transexual. É tentadora a interpretación de que o proceso experimentado pola protagonista merece un enfoque da identidade gay que esquive a alienación que ofrece a sociedade capitalista, paralelo á nociva influencia estranxeira. É unha idea que, en moitos sentidos atopa o seu correlato no propio debate e na loita de colectivos, que desde finais dos 70 debatían a consideración do travestismo e da pluma como elementos a seren combatidos e que, como tales, terían escasa presenza nas primeiras manifestacións do Orgullo na Galiza. Da mesma maneira, resulta peculiar que, malia a afirmada participación de Eduardo Blanco Amor, nos últimos anos da súa vida, en colectivos como o Frente de Liberación Homosexual Galego (Ferrández 2022), María Xosé Queizán, nunha obra de ficción que introduce elementos biográficos como *A boneca de Blanco Amor* (2014) establece unha crítica ao ourensán sobre como viviu a súa homosexualidade, recollida no capítulo “Consideracións sobre Eduardo Blanco Amor”:

Foi un momento decisivo na miña vida. Mantiven con el unha conversación, na que Blanco Amor non me respondía, como a que Cibrán mantén co xuíz. Neste caso a xuíza era eu.

Reprocheille a covardía no recoñecemento da súa sexualidade. El, un home tan orgulloso, humillado pola noxenta normalidade dunha sociedade hipócrita. El, tan insolente no relativo a aspectos políticos ou a crenzas relixiosas, obrigándose a mentir, a disimular nos aspectos básicos da súa personalidade.

Por que o fixeches, preguntaba eu indignada, aflixida ante un cadáver sen pranto, un pobre defunto gris, o grande escritor tirado no gris cemento? De que lle serviu a transixencia? Posta a pensar, pensaba que a aceptación dos principios sociais, rebaixaron os seus. Se a sociedade denigraba a súa sexualidade, el contribuía a denigrala ocultándoa, negándose.

E pensar que todo isto o escribira! Que *A esmorra* reflicte estes problemas humanos!

O desdén padecido debeu ser transformado en altivez, en petulancia por ser como era, por ser quen era.

A cambio viviu a soidade amarga da marxinação.

Ai dos que levan na frente unha estrela!

Ai dos que levan no bico un cantar!

escribiu Curros Enríquez no enterro de Rosalía de Castro.

Trátase dunha admonición diante do cadáver do escritor no día do seu falecemento, nun escenario no que a autora sería, xunto con outras persoas vinculadas á historia LGBTQ galega, das primeiras, e durante moitas horas, únicas, persoas en presentar os respectos ao falecido: “Achégome deseguida e imos ser, Maximino Keyzán, Daniel Heras, Itos Domínguez e eu mesma” (Queizán, 2014). Resulta complexo non relacionar o reproche desa conversa silenciosa da autora coa propia perspectiva sobre a homosexualidade aparecida en *A diferenza* (1995) e no aludido debate sobre as posibilidades dun proceso normativo na forma e exercea socialmente. Ao lado do repudio dunha parte do movemento ao travestismo e á pluma, separando no camiño o recoñecemento da cuestión da transexualidade como unha loita afín²⁴, é probábel que outras normativas do

²⁴ Daniela Ferrández (2022) afirma, porén, que este posicionamento, ao contrario que noutras partes do Estado, español sería cuestionado no contexto do Frente de Liberación Homosexual Galego, por máis que as crónicas do primeiro Orgullo galego en 1977 falen explicitamente da falta de travestismo na reivindicación e que o fagan cun ton que fai pensar que tal ausencia é lida en clave positiva.

colectivo afectasen á necesidade do *outing*, o recoñecemento aberto da propia homosexualidade como forma de defender tamén os seus dereitos sociais sen ocultamento. Entendemos, pois a explicación da autora non profundiza moito máis nesta cuestión, que se refire a esa forma do que identifica como ocultamento ou hipocrisía social. Trátase, por outra parte, de algo que choca cos elementos que coñecemos da vida do aludido Blanco Amor, non só pola súa xa mencionada, aínda que probabelmente discreta, participación nos movementos sociais, senón porque sabemos que a súa homosexualidade era algo case de dominio público, por máis que non dubidamos que puidese disfrazala en contextos abertamente agresivos e perigosos para a propia vida. Non dubidamos que a maioría de ámbitos da ditadura franquista respondían, en moitos sentidos, a esta definición, contexto no que, por outra parte, era considerada delito²⁵.

Estas dúas reflexións sobre unha das figuras máis destacadas dos estudos feministas e da perspectiva lésbica dentro do noso contexto alértannos tamén da necesidade de elaborar, ao lado doutras posibilidades heurísticas, unha necesaria relectura dos nosos referentes. A tendencia a considerar toda manifestación gay-lésbica como parte fundamental da experiencia queer continúa sendo plenamente defendíbel. Isto non quere dicir porén que, en moitas ocasións, algúns postulados teóricos ou creativos non apuntasen, ao mesmo tempo, a visións estremadamente limitadas, fortemente identitarias e abertamente dicotómicas do que a experiencia gay-lésbica implica. A súa consideración merece, en moitos sentidos, un cuestionamento aberto que, en ningún caso, debe caer nun novo presentismo dirixido cara ao que non deixa de ser parte do mesmo colectivo co que interactúan os estudos queer.

3. Historizar o oculto

A interpretación de Foucault empregada pola perspectiva queer (Butler 2011: 8-9) fala do que se constrúe na fenda deixada pola presión do poder. Non só no relativo aos corpos, que na obra de Foucault e de Butler teñen unha importancia fulcral, senón na medida na que a materialización dos corpos atopa unha das súas dimensións involucrando o réxime discursivo do poder. O punto de partida de Butler alude á configuración dos elementos que poden presentarse como preexistentes²⁶ ocultando, dalgunha maneira, a súa función na delimitación dun marco xeral que sería, ademais, unha forma de exercicio de poder. Butler, que continúa o desenvolvemento baseado en Foucault aludindo a Luce Irigaray e a negación da dicotomía corpo/materia (Butler 2011: 10), representa unha das bases teóricas que explican, en certo sentido, a configuración dun estado das cousas que, presentado como preexistente, responde porén a un proceso de categorización extremadamente ideolóxico. Dalgunha maneira, dá respaldo á exclusión das alternativas a través dun proceso de dicotomía ideolóxica que Irigaray (pode que algo esaxeradamente, apunta a propia Butler) remonta ás bases da filosofía occidental. Máis aló da perspectiva densamente teórica, e non por iso menos especulativa que caracteriza en ocasións a algunhas destas figuras, esta perspectiva de base ofrece unha explicación a algunhas das estratexias de negación enunciadas por Sedwick (1990: 52-53) e enuncia a problemática da enunciación discursiva das alternativas ás categorizacións realizadas polo poder.

Neste sentido, a interrogación dos estudos queer parte tamén da consciencia da dificultade da comunicación nun contexto estrutural hostil, e no encontro do reto que implica esta con novas distribucións represivas. A dificultade inherente de incorporar á historia da literatura

²⁵ Mesmo nos anos posteriores. Como dato relevante, a homosexualidade é despenalizada pola reforma sobre a Lei de perigosidade social 16/1970, aprobada o 23 de decembro de 1978 e publicada no BOE o 11 de xaneiro de 1979 (Martínez, 2017). Blanco Amor falece o 1 de decembro de 1979.

²⁶ “These material positivities appear outside discourse and power, as its incontestable referents, its transcendental signifieds. But this appearance is precisely the moment in which the power/discourse regime is most fully dissimulated and most insidiously effective. When this material effect is taken as an epistemological point of departure, a sine qua non of some political argumentation, this is a move of empiricist foundationalism that, in accepting this constituted effect as a primary given, successfully buries and masks the genealogy of power relations by which it is constituted. this is a move of empiricist foundationalism that, in accepting this constituted effect as a primary given, successfully buries and masks the genealogy of power relations by which it is constituted. Insofar as Foucault traces the process of materialization as an investiture of discourse and power, he focuses on that dimension of power that is productive and formative”. (Butler 2011: 10)

as figuras que encaixen cunha óptica queer non pode ir, nese sentido, na liña de simplemente recoñecer, identificar e, moi frecuentemente, celebrar aquelas que encaixaron de forma contundente con paradigmas categoriais que, en moitas ocasións, se conforman cunha perspectiva gay-lésbica²⁷. A posibilidade de recoñecer e representar outras formas de disidencia resulta, neste sentido, un matiz importante²⁸. Por outra parte, a clasificación categorial que apunta unicamente ás probas que se deben á hipótese queer, está condenada a ficar na superficie ou á simple irrelevancia. Unha historia construída sobre autorías ou representacións explícitas, públicas ou indiscutíbeis, que non xogue a abrir o campo de posibilidades a hipóteses sobre as súas figuras históricas ou o sentido dos textos, ficará, en certo sentido, incompleta.

Dalgunha maneira, e isto apunta a unha das problemáticas máis importantes da cuestión colocada, o partido xógase nun campo que ten nos seus extremos a rigorosidade documental e histórica e do outro o campo da plausibilidade e a relevancia significativa para unha comunidade concreta. Se non podemos renunciar á primeira, tamén debemos ser conscientes dos condicionantes discursivos e estruturais que a limitaron. En moitos sentidos, a relación dos estudos queer con autorías e obras acontece no ámbito do non dito e do non pronunciado. Se nos referimos ás obras mencionadas que tan escasamente abordaron a cuestión (Regueira 2016, 2020a), temos que recoñecer que as fontes públicas e privadas moi raramente aluden a esas cuestións e que mesmo resulta difícil atopar referencias académicas que as sustenten. Moitos dos elementos que sabemos son vox populi e resultaríanos difícil poder explicar

por que os sabemos ou demostrar que non se trata dunha mala interpretación da información ou dun *misreading* de determinados elementos illados.

Apoiándonos nun exemplo representativo e xa mencionado neste texto: en canto a documentación, son poucas as fontes públicas ou privadas que afirman a homosexualidade de Blanco Amor. E porén, que o autor era homosexual ou que a homosexualidade pertencía ao seu ámbito experiencial é algo que forma parte, sen ningunha dúbida, dos sobreentendidos de moitas desas fontes. Non se menciona porque é algo que non forma parte do ámbito do dicíbel²⁹. Porén, é un elemento que lanza unha luz diferente ao caso da dilatación editorial que Galaxia realiza sobre a proposta de publicación, na Galiza interior, d'*A esmorga* (Alonso Nogueira 2007: 28-35), e tamén sobre o papel auxiliar da censura franquista que pensan empregar nese proceso.

Nese sentido, a miña experiencia persoal como investigador fala dunha serie de elementos que aparecen sempre no ámbito do intuído, do comentado en media voz e do rumoreado. Case ningunha das informacións coas que topei no meu estudo sobre a posguerra era utilizábel seguindo os criterios académicos e, en moitas ocasións non era sequer enunciábel como posibilidade de acordo coa máis estrita interpretación destes. Dalgunha maneira, a súa natureza de elemento sobreentendido e non dicíbel persistía: amigos que acababan a noite na mesma cama, matrimonios de conveniencia, experiencias puntuais fóra do normativo, turbias historias de abusos... son elementos que teñen a súa particular dificultade para aparecer eventualmente nas historias literarias, da mesma maneira que as sospeitas (máis ou menos

²⁷ A consciencia da insuficiencia desta posición non nega, como xa mencionamos, a súa capacidade de disidencia ou mesmo de elemento disruptivo nun panorama que aínda hoxe se presenta, por inercia, como heterosexual salvo que se diga outra cousa (Lema París 2023: 232).

²⁸ Resulta curioso, por exemplo, a escasa produtividade de elementos que fuxiron a esa dicotomía categorial, especialmente pola existencia de algúns tan emblemáticos como a polémica de Rosalía sobre os costumes das mulleres galegas (Rábade Villar 2017: 17-21).

²⁹ Por outra parte, as propias fontes non sempre chegan até os nosos días, chega con lembrar o “escolio” á carta de Blanco Amor a Cunqueiro editada por Luís Cochón (2012: 12): “Cando César Cunqueiro me fixo galano desta carta única, e me deixou co mel nos labios, instigueino: – Por que non me mandas as outras?”. [Mentres eu buscaba na Deputación de Ourense aquelas que AC lle enviou a Eduardo (dunha delas, a que suscita as reflexións de BA: “Ayer tuve tu carta, que he traído conmigo”)]. A resposta de César foi terminante: –“Non hai ningunha outra, soamente esa, que xa coñeces”. Pola miña parte tiven que confesarlle: –“Tampouco en Ourense se conserva ningunha”. –E, pois? –“Hóuboa, pero desaparecieron”. (Cochón 2012: 12). A propia interpretación da carta permite presentala como unha confesión íntima entre os dous autores, na que afloran os amores non normativos de Blanco Amor, a pesar de non seren, unha vez máis, mencionados explicitamente. Con todo, a súa natureza de fragmento comunicativo déixanos unha historia incompleta con máis suxestións que datos.

fundadas) que, como investigadoras, non podemos deixar de ter ou que nos son compartidas polas compañeiras.

A procura do rigor académico é un punto de partida necesario e mesmo de protección das propias investigacións, contodo, mentres parte dese goteo documental que en ocasións alumea moitas destas cuestións non se produza, sería absurdo recoñecer que só o que aparece nas súas formulacións obxectivas forma parte das posibilidades da historia que tratamos de reconstruír. E isto é así, en boa parte pola descompensación estrutural á que aludimos xa varias veces, na que unha foto borrosa tomada de lonxe demostra sen xénero de dúbidas, a pertenza dun autor ao ámbito da heteronormatividade máis indiscutíbel.

En moitos sentidos, esa lectura vai posibilitar tamén que unha parte das persoas que actuaron como represoras desa diversidade e acompañaron ou participaron nas agresións da heteronormatividade social imposta. A tolerancia de Galaxia cara á homosexualidade Blanco Amor é lida moitas veces, con certo ton paternalista, como un elemento que redondea o carácter aberto e democrático do proxecto durante a posguerra. Cunqueiro, que participou directamente no proxecto fascista español, poderá dicir no 1976, ante a mención aos campos de concentración para homosexuais, que “En Galicia, tradicionalmente, nunca se le ha dado la menor importancia a los homosexuales. Si salía alguno en una aldea la gente se reía” (*apud* Lorenzo 2013).

Da mesma maneira e desviándonos parcialmente da historia literaria, a propia apelación á rigorosidade dos datos deixa en moitas ocasións interpretacións que van ser tomadas como falaces ou forzadas, simplemente por ir contra o sentido común instaurado que preconiza que as diferentes disidencias sexuais

son un produto que non atopa fundamento na historia³⁰. Nun sentido moi similar os momentos nos que se trata de desmontar unha rumoroloxía adversa, esta regresa de maneira reforzada³¹.

4. Os textos

Se a posibilidade de intepretar as perspectivas históricas ofrece dificultades que lidan coa rigorosidade histórica, a perspectiva de cara á hermenéutica realizada sobre os textos e propostas literarias presenta apenas unha perspectiva lixeiramente máis optimista. Serve, en moito sentidos, o dito para o aspecto relativo ás autorías: resulta moi difícil aceptar que a literatura queer galega sexa tan só aquela que manifestou unha determinada representación categorial e implicitamente limitada das sexualidades alternativas. Aínda que resulta evidente que esas obras deben pertencer a unha análise desde os mesmos parámetros, non son as únicas e, en moitos sentidos tampouco as máis interesantes. A perspectiva da disidencia sexual permite moitas máis intepretacións nesa clave, algunhas delas menos evidentes. Con certa distancia, podemos afirmar que son aquelas susceptíbeis de abrir as posibilidades dos textos canónicos as que parecen máis relevantes e interesantes: a lectura en clave lesbica ou bisexual das poetas da posguerra³², as formas alternativas de familia, a percepción do homoerotismo ou da non monogamia, a confusión e negación da dicotomía de xénero ou outras formas de disidencia sexual nas tramas máis coñecidas e neutralizadas do canon literario.

En moitos sentidos, a propia interpretación dos textos como literatura queer non está exenta do seu propio debate. Se pensásemos nunha obra referencial da literatura do século XX, viríamos á mente inmediateamente o título d’*A esmorga* e, porén, como facendo boas alghas

³⁰ Chega con lembrar a reacción adversa que varias das obras de Carlos Callón (2011, 2025) tiveron por parte da crítica e do público, a pesar da súa estrita documentación histórica, criticando a interpretación que cuestiona unha realidade histórica predominantemente heterosexual. Do punto de vista da historia literaria galega, o caso é aínda máis grave, pois refírese a un período no que atopamos, nos textos, abondas referencias pouco discutíbeis ás prácticas e relacións afectivas non heterosexuais.

³¹ Vid. Callón (2009), sobre as lendas negras que rodearon a figura de Fermín Bouza Brey.

³² En moito sentidos, como o traballo que Beatriz Suárez Briones desenvolveu sobre a poesía de María do Carme Kruckenberg e outras autoras, baseado no que chama “a hermenéutica da sospeita”: “Defendo como estratexia de (re)construción da historia lesbiana precisamente a hermenéutica da sospeita: sospeitar das mulleres sen home, das “solteironas”, das monxas e, xa postas, das viúvas e mesmo das casadas –sabemos que o matrimonio foi unha estratexia ou un pacto de supervivencia para homosexuais e lesbianas ao longo dos tempos–. Sospeitar e sospeitar e sospeitar: este é o traballo da crítica lesbiana. Contra á amnesia histórica ou o borrado da historia lesbiana, asumir esta estratexia (Suárez Briones 2023: 6-7).

das reflexións sobre os riscos do presentismo, podemos atopar indicios de que a propia comunidade LGBTQ pode ter dificultades para entender a obra como tal (Queeruña, Club de Lectura, 2016). A obra de Blanco Amor responde, porén, a moitas posibilidades interpretativas que aínda agora son interesantes, precisamente polo seu valor disruptivo coa identidade homosexual como elemento que atravesou e aínda protagoniza un percurso normalizador. A tensión sexual acompaña a trama dunha maneira que non saberíamos se implica unicamente aos dous protagonistas abertamente homosexuais, ou tamén ao Cibrán que, tendo parella heterosexual e fillo, inexplicamente os acompaña esa noite, como agardando que aconteza algo inesperado³³. Os elementos non dicotómicos, como a curiosidade, a posibilidade da bisexualidade ou a transición entre as camadas proletarias urbanas e a criminalidade social cara á que camiñan os protagonistas, continúan a configurar lecturas ricas nesta clave que ultrapasan o simple papel de representación da minoría.

Porén, en moitos sentidos, os meus achados dos últimos anos proceden da conxunción entre un dos subxéneros habitualmente minusvalorados pola literatura galega e as perspectivas que, seguindo unha tradición de investigación xa existente (vid. Pearson, 2003, 2008) aparecen vinculadas co pensamento queer. Refírome á ficción científica e a ámbitos próximos, como a historia alternativa e as distopías. Trátase de lecturas que teñen sido especialmente produtivas á hora de localizar elementos ideolóxicos que se relacionan coa imaxinación do futuro e o papel das sexualidades alternativas dentro del. Analizamos, dentro das propostas relativamente escasas da literatura galega contemporánea, diferentes posibilidades. Así, a nosa perspectiva transcorre entre as voces autorais que imaxinan un futuro ideal no que o progreso tecnolóxico e a colonización do cosmos acompaña a extinción da homosexualidade (Regueira 2024: 27) ou aquelas para as que as interaccións sexuais e a posibilidade de

relación romántica entre as persoas do mesmo xénero se presenta como parte da normalidade, tanto que apenas merezan un comentario de contextualización.

Sen defender unha intención unívoca que poida localizarse nun programa explícito e plenamente consciente que emane da instancia creadora, consideramos que a representación do futuro e das historias alternativas serve para caracterizar moi ben a análise das posibilidades sociais vinculadas ao presente. Nese sentido, é relevante notar como mesmo os tratamentos da sexualidade que non se afastan aparentemente dos parámetros heterosexuais acaban moitas veces impugnando as posibilidades sociais do establecido³⁴.

Neste sentido, podería retomar, con algunhas prevencións, unha idea que xa aparecía nas primeiras reflexións realizadas sobre o queer (2008, 2020a). A convulsa historia literaria galega caracterízase pola súa constante negociación do que é colectivamente representativo, ao tempo que mantén unha tensa relación coas propostas para conseguir achegarse a unha normalidade que non deixa de ter como espello a mesma estrutura represiva contra a que, en boa medida, se construíu. Os xéneros que quedan fóra do centro do canon acostuman atopar liñas de sintonía e desenvolver a capacidade de converxer con moitos dos postulados dos estudos queer e mesmo algúns dos que son aceptados dentro do proxecto normalizador manifestan tamén moitos destes trazos, por máis que raramente sexan destacados³⁵. Con todo, sería absurdo, máis aló do programático ou do manifesto, enunciar que toda literatura galega é unha forma da literatura queer, como se defendía naquel texto. As presións creadas pola manifestación dun canon sempre relacionado intimamente coa idea de historia literaria e a consciencia de crear un contra-canon que podía equipararse a aquel da metrópole, cuestionan esta posibilidade e a cualifican como un exceso, por máis que este mesmo panorama estabeleza unha certa sintonía acusada con todo isto.

³³ Hipótese da ambigüidade homoerótica do protagonista que foi sinalada tamén por Fernández Pérez-San Julián (2021).

³⁴ Resulta relevante, nese sentido, o papel da sexualidade como último refuxio á Historia distópica que baralla Nacho Taibo en relatos como “O leito” (vid. Regueira 2023b).

³⁵ Resulta curioso pensar que a obra canonizada de forma maioritaria como primeira peza madura da ficción científica galega (vid. Regueira 2023a), *Soños eléctricos*, de Ramón Caride (1993) teña un protagonista que é unha sorte de escravo sexual das elites, capaz de representar aspectualmente á vontade os dous extremos da dicotomía de xénero e cunha relación descontrada coa idea da abxección sexual. Mesmo nas súas fantasías de normalización, a literatura galega acaba por ofrecer sorpresas coma esta.

5. Conclusións

A aplicación de experiencias e metodoloxías teóricas de corte internacional acostuma precisar dun punto de axuste en realidades concretas con características específicas. É algo que, no caso da cultura galega, demostra a distinta materialización dos estudos de corte bourdieano (Figueroa 2015) ou a difusa pero identificábel influencia dos estudos poscoloniais aplicados ao contexto ibérico. Precisamente a singularidade destes núcleos de recepción acostuma facer naufragar moitas das inercias herdadas no corpus teórico orixinal, sen que, porén, podamos beneficiarnos da neutralización dalgúñas das ameazas contra as que se construíron en orixe. En boa medida tamén porque esas mesmas ameazas perden con frecuencia a virulencia inicial e chegan diluídas e camufladas. Poder identificar moitas das tendencias que a crítica norteamericana sinalaba á hora de falar das realidades queer é algo relevante e, como vimos, mesmo rastrexábel na nosa realidade, tempo e distancia mediante. Con todo, tamén debe selo procurar as propias liñas de dominación e neutralización que persisten máis aló delas e que se manifestaron con certa claridade en épocas concretas da cultura galega. Así, podemos identificar a presenza de políticas paternalistas, pseudo-integradoras ou que tratan de desprazar a interpretación do queer ás vellas dicotomías coloridas que encaixen nunha visión simplista da realidade. Propostas de integración canónica que non fan máis que tratar de apagar unha colisión dinámica e interrogante ao respecto dos procesos de canonización e de construción do coñecemento. Precisamente é nese dinamismo que cuestiona e explora, en contacto cos seus colectivos de orixe, pero tamén sen medo a non ser sempre celebratorio e entusiástico, que as propostas da teoría queer no noso contexto poden ser aínda produtivas.

Por outra parte, nese marco xeral, do punto de vista cultural, a noción da alteridade e da natureza resistente e opositiva un proxecto de absorción e uniformización funcionan como elementos de sintonía con moitas dos postulados da teoría queer³⁶, sen que, porén, poidan realizarse operacións de simplificación. O proxecto cultural galego, na forma da constitución dun canon e dunha historia literaria, caracterízase en distintos momentos da súa historia, coincidentes maiormente cos anos da ditadura,

por configuracións que, implícita ou explicitamente mantiveron dinámicas refractarias ás diverxencias cun programa identitario moi marcado. A superación deste momento histórico trouxo novas perspectivas de negociación colectiva que, baixo parámetros diferentes, actuaron con cautela, se non ante a diversidade sexual, si ante a maior parte das perspectivas que se identificaban coas disidencias. Mesmo, parte da aceptación formal das realidades alternativas, en ocasións vinculada a ideas de apertura democrática á diversidade, presentou prácticas que, aferradas á inercia estrutural, nunca cuestionaron un modelo cultural heteronormativo e, no mesmo sentido, dicotómico.

Así, as propostas para a abordaxe de proxectos de base historiográfica apuntan á crítica a esa mesma inercia e á impugnación de moitos dos seus procesos que presentan determinadas realidades como preexistentes e naturalizadas. Ao mesmo tempo, sinalamos a necesidade de localizar novamente o lugar que, entre a praxe académica e a interpretación baseada no interrogación, a sospeita e a información informal debe adoptar a investigación. Os riscos que encarna o segundo extremo son parte dun traballo de interpretación e rigor que correría o risco de verse inmovilizado se simplemente se conformase co primeiro, especialmente en contextos que estruturalmente apostaron por eliminar calquera rastro de disidencia. Nese sentido, a proposta é un novo equilibrio que permita ir alén dos estadios de partida que, como sinalamos, son profundamente ideolóxicos e as reivindicación e identificación dunha subxectividade inherente á investigación que, porén, non debe actuar por exceso ou sen apoio.

Finalmente, analizar moitos deses rastros levará, como aparece apuntado en varias partes deste artigo, a diferentes solucións: desde as que desvelen a intuición dunha dimensión non normativa en figuras altamente canonizadas, até a pugna por non limitar a identidade, actitude e experiencias doutras colocadas nas marxes nunha das categorías de construción forte que en algún momento se propuxeron como solución de diversidade e que, en máis dun sentido, desbordan. Ao mesmo tempo, a proposta de relectura constante dos nosos propios clásicos pode levar a descubrir neles, tanto algunha destas limitacións, como dimensións non plenamente valoradas pola canonización precedente.

³⁶ A cuestión galega ten sido identificada como parte dos estudos poscoloniais, ou cando menos como capaz de integrar varias das súas ferramentas de análise.

6. Referencias bibliográficas

- Alonso, Fran (2007): “Lupe Gómez, a provocación libertaria”, *El País* (Madrid) 16/03/2007, https://elpais.com/diario/2007/03/16/galicia/1174043918_850215.html [consulta: 28/06/2025].
- Alonso Nogueira, Alex (2009): “Blanco Amor e a constitución do campo literario galego durante os anos de Galaxia”, *Grial* 184, pp. 28-35.
- Amarelo, Daniel (ed.) (2020): *Nós, XS Inadaptadx. Representações, desejos e histórias LGBTQ na Galiza*. Compostela: Através Editora.
- Anderson, Benedict (2006): *Imagined Communities: Reflections on the Origin and Spread of Nationalism*. London / New York: Verso.
- Bloom, Harold (1994): *The Western Canon: The Books and School of the Ages*. New York / San Diego / London: Harcourt Brace.
- Bourdieu, Pierre (1980): *Le sens pratique*. París: Éditions de Minuit.
- Bourdieu, Pierre e Loïc Wacquant (2005): *Una invitación a la sociología reflexiva*. Buenos Aires: Siglo Veintiuno Editores.
- Butler, Judith (2011): *Bodies That Matter: On the Discursive Limits of “Sex”*. London / New York: Routledge, <https://doi.org/10.4324/9780203828274>.
- Callón, Carlos (2009): “As lendas negras contra Fermín Bouza Brey”, *O blogue do Carlos Callón* 02/11/2009, <http://www.carloscallon.com/2009/11/as-lendas-negras-contra-fermin-bouza.html> [consulta: 28/06/2025].
- (2011): *Amigos e sodomitás: a configuración da homosexualidade na Idade Media*. Compostela: Sotelo Blanco.
- (2025): *Vida e historias LGBT da Idade Media*. Vigo: Xerais.
- Caride Ogando, Ramón (1992): *Soños eléctricos*. Vigo: Xerais.
- Casas, Arturo (2011): “O compromiso como posición no campo cultural. Luís Seoane no campo cultural galego”, en R. Villares (ed.), *Emigrante dun país soñado. Luís Seoane entre Galicia e Arxentina*. Compostela: Consello da Cultura Galega, pp. 311-338.
- Cunqueiro, Álvaro e Alberto Casal (2012): *Saiban cantos estas cartas viren, edición de Luís Cochón. Cadernos Ramón Piñeiro* 23. Compostela: Xunta de Galicia / Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- Fernández Pérez-Sanjulián, Carme (2021): “A Esmorga y Parranda: homosexualidad, ocultación y violencia”, en M. Marcos Ramos (coord.), *Mucho más que cine: historia, literatura y arte en el cine en español y en portugués*. Madrid: Dykinson, pp. 149-161, <http://hdl.handle.net/2183/>.
- Ferrández Pérez, Daniela (2022): *A defunción dos sexos: disidentes sexuais na Galiza contemporánea*. Vigo: Xerais.
- Figueroa, Antón (2010): *Ideoloxía e autonomía no campo literario galego*. Compostela: Laivento.
- (2015): *Marxes e centros. Para unha socioloxía do campo cultural*. Compostela: Laivento.
- Hebdige, Dick (1991): *Subculture: The Meaning of Style*. London / New York: Routledge.
- Lema París, Ánxela (2023): “A poesía será monógama e monosexual até que se demostre o contrario”, *452ºF. Revista de Teoría de la literatura y Literatura Comparada* 29, pp. 232-249, <https://doi.org/10.1344/452f.2023.29.14>.
- López López, Lorena (2022): *Ainda invisíveis? Narradoras e margens na literatura galega contemporánea*. Compostela: Através Editora.
- Lopo, Antón (2020): “O aturajo galego”, en D. Amarelo (ed.), *Nós, XS Inadaptadx. Representações, desejos e histórias LGBTQ na Galiza*. Compostela: Através Editora, pp. 189-206.
- Lorenzo, Fran P. (2013): “Cunqueiro, Blanco Amor e a Galician Gay Question”, *Un país en lata* 28/08/2013, <https://unpaisenlata.wordpress.com/2013/08/28/cunqueiro-blanco-amor-e-a-galician-gay-question/> [consulta: 28/06/2025].
- Martínez, Ramón (2017): *Lo nuestro sí que es mundial: una introducción a la historia del movimiento LGTB en España*. Barcelona: Egales.
- Miller, Toby (ed.) (2001): *A Companion to Cultural Studies. Blackwell Companions in Cultural Studies*. Malden, Massachusetts / Oxford: Blackwell.
- Moi, Toril (1995): *Sexual/Textual Politics: Feminist Literary Theory*. London / New York: Routledge.

- Pearson, Wendy (2003): “Science Fiction and Queer Theory”, en E. James e F. Mendlesohn (eds.), *The Cambridge Companion to Science Fiction*. Cambridge / New York: Cambridge University Press, pp. 149-160.
- Pearson, Wendy G.; Veronica Hollinger e Joan Gordon (eds.) (2008): *Queer Universes: Sexualities in Science Fiction*. Liverpool: Liverpool University Press.
- Queeruña, Club de Lectura (2016): “Segundo encontro: pero ‘A Esmorga’ era queer?”, *Club de lectura LGTB Queeruña* 24/11/2016, <https://queer.coruna.gal/2016/11/24/segundo-encontro-pero-a-esmorga-era-queer/> [consulta: 28/06/2025]
- Queizán, María Xosé (1991): *Metáfora da metáfora*. A Coruña: Espiral Maior.
- (1993): *Despertar das amantes*. A Coruña: Espiral Maior.
- (1988): *A semellanza*. Barcelona: Sotelo Blanco.
- (2016): *A boneca de Blanco Amor*. Vigo: Galaxia.
- Rábade Villar, María do Cebreiro (2017): “La imposible moralidad de la literatura: Rosalía de Castro ante las reglas del arte”, *Ínsula* 841-842, pp. 17-21.
- Regueira, Mario (2008): “Por unha literatura maronda”, *Escrita Contemporánea* G, pp. 146-150.
- (2016): *A narrativa na reconstrución do campo literario galego de posguerra: repertorios e imaxinario no proxecto de Galaxia*. Tese de doutoramento (dir. A. Casas Vales). Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- (2020a): *Narrativa e imaxinario nacional na reconstrución do campo literario de posguerra (1936–1966)*. Vigo: Xerais.
- (2020b): “‘Por unha literatura maronda’. Apostillas en 2020”, en D. Amarelo (ed.), *Nós, XS Inadaptadxs. Representacións, desexos e historias LGBTIQ na Galiza*. Compostela: Através Editora, pp. 245-257.
- (2023a): “Antes de soñarmonos eléctricos. Ficción científica e distopía no final do franquismo”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 25, pp. 13-39, <https://doi.org/10.5209/madr.88062>.
- (2023b): “‘O leito’ de Nacho Taibo. Autonomía, temor e desexo ucrónicos”, *Itinerarios. Revista de estudios lingüísticos, literarios, históricos y antropológicos* 38, pp. 9-27, <https://doi.org/10.7311/ITINERARIOS.38.2023.01>.
- (2024): “Sexopolítica futura: sexualidades e alternativas na ficción científica galega do século XX”, *Galicía21 Journal of Contemporary Galician Studies* M, pp. 22-37.
- Said, Edward W. (1994): *Culture and Imperialism*. New York: Vintage Books.
- Sedgwick, Eve Kosofsky (1990): *Epistemology of the Closet*. Berkeley: University of California Press.
- Suárez Briones, Beatriz (2023): “Cartografía lesbiana da poesía galega. Dúas pioneiras: María do Carme Kruckenberg e María Xosé Queizán”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 26, <https://doi.org/10.5209/madr.104173>.